

AO PERSOAL MÉDICO E DE ENFERMARÍA DOS PACs



Despois da absolutamente decepcionante xuntanza da Comisión de Seguimento dos Acordos de Primaria, que por fin o Sergas convocara grazas á insistencia de CIG-Saúde,

continuamos a defender os catro puntos apoiados por máis de catrocentas sinaturas de enfermeiras/os e médicas/os de PACs:

1. **Cómputo de xornada.** Reclamamos unha interpretación correcta dos termos do acordo e a súa translación ao aplicativo informático, para rematar coa situación actual na que se penaliza aos traballadores cando teñan unha IT ou collen un permiso retribuído.
2. **Confección de calendarios.** Reclamamos calendarios anuais elaborados coa participación das e dos traballadores e construídos con criterios de equidade. Neses calendarios, a xornada ordinaria e a complementaria deben estar claramente diferenciadas, e deben recoller necesariamente a xornada ordinaria do persoal de PAC e tódolos seus permisos.
3. **Cumprimento da Acta do 16 de xuño.** Na súa aplicación en cada área reclamamos que, de quedar horas suficientes (1623 horas/anuais), se proceda á creación dun vinculo estable (obra e servizo) contratando persoal das listas de contratacións antes de ofertalas á voluntariedade.
4. **Contratación de persoal das listas.** Reclamamos que se cumpran os apartados do acordo que establecen que diante dunha ausencia, o primeiro é contratar persoal das listas de contratacións.

E para elo CONVOCAMOS AS SEGUINTE MOBILIZACIÓNS:

1. **Concentracións nas xerencias de cada área (ou no lugar alternativo que se decida en cada comarca), que comezarán ás 11 horas do día 31 de xaneiro.**
2. **Concentración diante do SERGAS, en Compostela, ás 11 horas do día 7 de febreiro.**



Se non concordas co SERGAS en que nos PACs "todo vai ben" participa nas mobilizacións